



CONCELLO DE
BAIONA



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Igualdade



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

"O FSE inviste no teu futuro"

CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO CAMPAMENTO URBANO

"ESCOLA DE VERÁN 2013" DO CONCELLO DE BAIONA

A "Escola de Verán 2013" do Concello de Baiona é unha medida municipal de conciliación de promoción autonómica promovida pola Concellería de Igualdade e a Concellería de Educación e cofinanciada polas persoas participantes, a Secretaría Xeral de Igualdade e o Fondo Social Europeo

O obxectivo é *"promover a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, establecendo un servizo sociocomunitario que mellore a calidade de vida das familias do municipio, ofertando aos rapaces e rapazas actividades diversificadas, que promovan o seu desenvolvemento integral potenciando ademais a optimización de recursos, utillizando as instalacións dos centros educativos municipais fóra do horario lectivo"*.

Esta actividade enmárcase ademais no art.25 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das bases de Réxime Local, que establece que "O municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal .

1.Requisitos mínimos para participar na Escola de Verán do Concello de Baiona.

- Estar empadroadado/a no municipio con data anterior a esta convocatoria (non e necesario acreditarlo. O Concello de Baiona, verificará que as persoas solicitantes e os/as nenos/as están empadroados/as no municipio) ou que a nena ou neno para o que se solicite praza estivera escolarizado/a no curso escolar 2012-2013 nun centro educativo do municipio de Baiona.
- Ter nado entre o ano 2001 e 2009.
- Só se admiten solicitudes mensuais.

2.Data horario e lugar de realización do programa: O programa desenvolverase ao longo do mes de xullo de luns a venres (salvo o martes 16 e o xoves 25) de 8:00 a 15:00h no CPI Cova Terreña e no CEP de Sabarís. Haberá flexibilidade no horario de entrada (de 8:00 a 9:00h) e no horario de saída (de 14:00h a 15:00h)

3.Prazo e lugar de presentación da solicitude: As persoas interesadas en participar na convocatoria, deberán presentar a solicitude (anexo I) debidamente cumprimentada e asinada , xunto a documentación requirida no punto 7 desta convocatoria no rexistro de entrada do Concello de Baiona en horario de 9:00 a 14:00 horas, dende o xoves 23 de maio ata o sábado 8 de xuño.

4.-Número de prazas: 50 no CEP de Sabarís e 50 no CPI Cova Terreña

(resérvanse 6 prazas para o Centro Municipal de Información á Muller e o departamento municipal de servizos sociais).

5.- Prezo: 75 € mes

6.- Procedemento de adxudicación das prazas: Unha vez rematado o prazo de solicitude, o Alcalde de Baiona, designará unha comisión de valoración, integrada por técnicos e técnicas municipais, que terá como función a baremación das solicitudes presentadas (se é necesario) , e a elaboración da listaxe de admitidos/as provisional e definitiva. A comisión queda facultada para resolver cantas cuestións se susciten na interpretación da convocatoria

En caso de existir maior demanda que oferta, aplicarase o seguinte baremo:

- Familias monoparentais traballando.....5 puntos
- Familias nas que ámbolos cónxuxes traballan..... 5 puntos
- Familias nas que un dos cónxuxes traballa.....3 puntos
- Familias numerosas de categoría ordinaria.....3 puntos
- Familia numerosa de categoría especial.....4 puntos
- Familias que soliciten praza para máis dun fillo/a.....2 Puntos
- Existencia de discapacidade da nai/pai.....1 punto
- Víctimas de violencia de xénero.....1 punto

En caso de empate, realizarase un sorteo ao chou entre as solicitudes que teñan a mesma puntuación

O mércores 12 de xuño publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Baiona e no Centro Municipal de Información a Muller a listaxe provisional de rapazas e rapaces admitidos e a de reserva. **Aquelas solicitudes incompletas disporán ata o luns 17 de xuño** para aportar a documentación que se lles requira no rexistro de entrada do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas.

O martes 18 de xuño publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no Centro Municipal de Información á Muller a listaxe definitiva das rapazas e rapaces admitidos e a de reserva.

As persoas adxudicatarias das prazas deben facer efectiva a cota no rexistro de entrada do Concello de Baiona ou en calquera das contas bancarias do Concello de Baiona antes do martes 25 de xuño . Os e as participantes que non teñan aboada a cota nesta data quedarán excluídos e excluídas automaticamente e chamarase telefonicamente á persoa correspondente segundo a listaxe de reserva.

Contas bancarias do Concello de Baiona:

NOVAGALICIA BANCO 2080-5015-60-3040011550

LA CAIXA :2100-1821-68-0200000539

BANCO PASTOR: 0072-0459-23-0000100103

BANESTO: 0030-6057-60-0375100273

BBVA:0182-5355-81-0000003164

BANCO SANTANDER : 0049-4368-96-2710000683

As persoas que paguen a cota a través dunha entidade bancaria deben presentar o resguardo no Centro Municipal de Información á Muller (sito na rúa Dolores Agrelo nº 16-1ª planta) ou remitilo ao fax 986/355291

7.-Documentación a presentar:

- Solicitude de inscrición debidamente cumprimentada e asinada (Anexo I) xunto coa seguinte documentación:

- Certificado que acredite que o neno/a estivo escolarizado/a nun centro educativo municipal no curso 2012-2013 (**só en caso de non estar empadroad/a no municipio**)
 - Fotocopia compulsada do DNI da nai/titora ou pai/titor (o/a asinante da solicitude)
 - Fotocopia compulsada de tarxeta da seguridade social do neno/a.
 - Fotocopia compulsada do libro de familia.
 - Documento referente a autorizacións (anexo II)
 - De selo caso deben presentar ademais a seguinte documentación (**tódalas fotocopias deben estar compulsadas**).
- No caso de que o rapaz ou rapaza padeza algún problema de saúde que dificulte ou imposibilite o desenvolvemento normal da actividade, teña que tomar algunha medicación, sexa celíaco, etc., deberá presentar un informe médico.
 - Auto de separación / divorcio ou documentación pertinente para acreditar a condición de familia monoparental (certificado de convivencia, informe de servizos sociais ou do centro municipal de información á muller)
 - Título de familia numerosa.
 - Para acreditar a situación de violencia de xénero, aportarase certificación da orde de protección, sentenza de calquera orde xurisdiccional ou informe dos servizos sociais , ou do centro de Información á Muller municipal.
 - Documentación acreditativa de minusvalía
 - Para acreditar a situación laboral:

Se traballa por conta allea:

- Fotocopia do contrato de traballo en vigor, ou certificado de empresa ,ou informe da vida laboral actualizado

Se traballa por conta propia:

- Fotocopia do último recibo do pago da cota da seguridade social do Rêxime Especial de Traballadores autónomos

SE O NENO/A PARTICIPOU NA EDICIÓN ANTERIOR " ESCOLA DE VERÁN 2012" NON É NECESARIO ENTREGAR A FOTOCOPIA DO DNI , LIBRO DE FAMILIA E



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Igualdade



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

"O FSE inviste no teu futuro"

TARXETA SANITARIA SALVO QUE SE PROUCISE ALGÚN CAMBIO NA SITUACION FAMILIAR


8.- Unha vez realizada a inscrición e o correspondente ingreso para participar na actividade, se o neno ou nena non acude, só procederá a devolución do importe ingresado, si se xustifica con anterioridade o inicio da actividade, e por causa debidamente xustificada. En caso contrario non procederá a devolución do importe.

9.- O Concello de Baiona , reservárase todos os dereitos de cambiar ou suprimir calquera actividade en relación coa escola de verán.

10-- Máis información no Centro Municipal de Información á Muller . Tno: 986/357554

Baiona, 16 de maio de 2013

O alcalde



Jesus Vázquez Almuíña